



## Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

**RESOLUCIÓN do 20 de abril de 2016 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se resolven os premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, onde se impartan ensinanzas de Formación Profesional, convocados na resolución 23 de novembro de 2015.**

De conformidade co establecido no artigo 9 da Resolución do 23 de novembro de 2015 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, onde se impartan ensinanzas de Formación Profesional, e vista a proposta realizada pola comisión de selección, esta dirección xeral

### RESOLVE:

Premiar os proxectos que se relacionan no anexo I desta resolución.

Contra esta resolución os interesados poderán interpor un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal educativo [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es), segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2016

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López



## Anexo I. Proxectos premiados nos premios de innovación na FP

### Modalidade A

Código	Centro coordinador	Proxecto	Premio
15006754	CIFP Ferrolterra	<b>Automatización dos procesos de extracción de gases nun taller de soldadura para mellorar a súa eficiencia e seguridade</b>	<b>10.746,81 €</b>
15006754	CIFP Ferrolterra	<b>Sistema de desprazamento autónomo para persoas con mobilidade reducida en centros comerciais</b>	<b>17.439,71 €</b>
15016000	CIFP Compostela	<b>Produtos cárnicos gourmet</b>	<b>7.559,32 €</b>
15022620	IES de Curtis	<b>Sistemas de seguimento en tempo real de aeronaves</b>	<b>450,00 €</b>
15024513	CIFP Someso	<b>Optimización e modelización de procesos de elementos de estiba por procesos de soldaxe non convencionais</b>	<b>24.095,36 €</b>
27006516	CIFP Politécnico de Lugo	<b>Interface de comunicación Arduino KNX</b>	<b>5.452,60 €</b>
36013448	CIFP Manuel Antonio	<b>Fabricantes de sorrisos</b>	<b>4.243,64 €</b>
36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	<b>Produción de calor ecolóxica con equipo frigorífico baseado en hidrocarburos</b>	<b>27.503,40 €</b>
36020064	CIFP Carlos Oroza	<b>Ponte Van: FP na rúa</b>	<b>28.259,16 €</b>

### Modalidade B

Código	Centro coordinador	Proxecto	Premio
15005749	IES Universidade Laboral	<b>Deseño e montaxe dunha instalación altamente eficiente: Vestiario 0,0</b>	<b>24.147,08 €</b>
15006754	CIFP Ferrolterra	<b>Simulador de rescate de vítimas de accidente de tráfico</b>	<b>8.934,32 €</b>
15014556	CIFP Coroso	<b>Climatización xeotérmica por focos combinados</b>	<b>7.866,69 €</b>
15015767	CIFP Politécnico de Santiago	<b>Transformadores de potencia didácticos integrados nunha rede de distribución de media tensión</b>	<b>24.439,08 €</b>
15027770	IES A Sardiñeira	<b>Control de proceso nun tanque con regulación de presión, nivel e caudal</b>	<b>8.385,25 €</b>
15027782	IES Nº 1	<b>Fabricación de maqueta didáctica dun motor Citroën HDI</b>	<b>3.444,87 €</b>
27006528	CIFP As Mercedes	<b>Montaxe e instalación de central frigorífica didáctica, para estudo de avaliación do funcionamento de equipos frigoríficos industriais de supermercados</b>	<b>22.249,95 €</b>
27013326	IES Lois Peña Novo	<b>Aproximación didáctica ao internet das cousas (IoT) con tecnoloxías abertas (open hardware e software libre)</b>	<b>9.519,02 €</b>
32008902	CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel	<b>Vinculación dos ciclos formativos da familia profesional de Química co contorno produtivo a través de prácticas de laboratorio</b>	<b>10.783,74 €</b>
36002359	IES Antón Losada Diéguez	<b>Deseño e desenvolvemento de kits imprimibles de robótica educativa para competicións escolares baseados en plataformas hardware/software abertas</b>	<b>5.980,00 €</b>